

# POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT

## Procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

### 1. CORREDOR QUE NON DESCARGA A TARXETA SPORTIDENT Ó REMATAR A CARREIRA.

Todo corredor debe picar o punto de meta (doble círculo no mapa) e posteriormente ir a descargar a súa tarxeta no lugar indicado pola organización.

Poderase descargar a tarxeta ata que se peche a meta.

Os corredores que non descarguen nese prazo de tempo serán considerados FORA DE CONTROL.

### 2. CORREDOR QUE NON LIMPA A SÚA TARXETA NA SAÍDA.

É responsabilidade do corredor limpar a tarxeta na zona de saída na estación sinalizada como tal.

Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descalificado por ERRO NA TARXETA.

O sistema de pinza manual, só e válido si a estación Sportident falla.

Algo similar sucede coa baliza checa, que só é válida se desaparece todo o sistema de control (estación e pinza tradicional).

### 3. CORREDOR QUE LLE FALTA ALGÚN PUNTO DE CONTROL NA TARXETA.

Será automáticamente descalificado. É responsabilidade do corredor asegurarse de que o seu paso polos controis queda rexistrado na súa tarxeta (indicado polo pitido e luz da estación ó poñerlle a tarxeta Sportident).

Esta descalificación inclúe todas as posibilidades, agás que se comprobé que houbo fallo no sistema de control.

Se a estación non da luz nin pitido, o corredor é responsable de detéctalo e picará manualmente no lugar establecido para estes casos no seu mapa.

### 4. CORREDOR QUE ENTRA EN META E NON A PICA.

Os corredores que entren en meta e non pican en esta estación, poderán volver a picala.

Se deixa algún outro punto do seu percorrido sen picar, non poderá volver ó terreo de competición.

## IMPORTANTE – LEMBRA

- Limpar e comprobar tarxeta na saída.
- Coidado con descalificar por non esperar o pitido e/ou luz na estación.
- Seguir a orde numérica dos controis que marque o percorrido. Por exemplo, se picamos a 6 antes que a 5, non se descalifica se se volve a picar a 5 e despois se volve á 6.
- É obrigatorio picar a estación de meta e despois descargar na estación de descargar que estará en Secretaría, así comprobaremos que non queda ninguén perdido

